# Programación do módulo Promoción de la salud y apoio psicolóxico o paciente

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36017430 | IES Ricardo mella | Vigo | 2024-25 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| SAN | Sanidade | CM19011 | CUIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA | MEDIO | DUAL |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Duracións das sesións |
|---|---|---|---|---|---|
| CM0308 | PROMOCIÓN DA SAÚDE E APOIO PSICOLÓXICO Ó PACIENTE | 1º | 5 | 130 (85 FCE+45 FEM) | 50 min |

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Elaboración** | Margarita M. Castiñeira Alvariño |
| **Impartición** | Margarita M. Castiñeira Alvariño |

# Contidos

1. Identificación da programación ....1

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha ....5

4. Unidades didácticas ....6

UNIDADE DIDÁCTICA 1. FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO ....6

UNIDADE DIDÁCTICA 2. PSICOLOXÍA XERAL E EVOLUTIVA E PSICOLOXÍA DA PERSONALIDADE ....7

UNIDADE DIDÁCTICA 3. SAÚDE E ENFERMIDADE. O AFRONTAMENTO. ....10

UNIDADE DIDÁCTICA 4. COMUNICACIÓN E RELACIÓN DE AXUDA ....13

UNIDADE DIDÁCTICA 5. O PACIENTE HOSPITALIZADO ....16

UNIDADE DIDÁCTICA 6. O PACIENTE INFANTIL E ADOLESCENTE ....18

UNIDADE DIDÁCTICA 7. O PACIENTE CRÓNICO E XERIÁTRICO. ....21

UNIDADE DIDÁCTICA 8. O PACIENTE ONCOLÓXICO E TERMINAL ....24

UNIDADE DIDÁCTICA 9. PROMOCIÓN DA SAÚDE E MÉTODOS DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE. ....27

5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criteriosde cualificación ....22

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas ....24

7. Medidas de atención a diversidade ....25

8. Aspectos transversais ....26

## 2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

**Referente lexislativo**
A presente programación organiza e desenvolve a planificación do módulo de Promoción da saúde e apoio psicolóxico ó paciente, segundo o currículo do ciclo formativo de grao medio establecido no Decreto 61/1999, do 18 de Febreiro, correspondente ó título de técnico en coidados auxiliares de enfermería. Ademais, adecúase ós parámetros da Orde de 12 de Xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

**Contextualización e importancia do módulo dentro do ciclo formativo.**
O módulo de Promoción da saúde e apoio psicolóxico abórdase no primeiro curso do ciclo formativo de técnico en coidados auxiliares de enfermería, que se imparte na modalidade de formación modular. O ciclo ten unha duración total de 1400 horas, que se distribúen en 7 módulos profesionais o derradeiro correspondendo a 440h a formación en centros de traballo.
No programa formativo do proxecto de Dual do presente curso, establecense que 45 h das 130 h do modulo impartiranse na empresa asociada, mentres que 85 h se impartirán no centro de estudios.
**O presente módulo asociase á unidade de competencia 4: colaborar na prestación de coidados psíquicos ó paciente ou cliente, realizando ó seu nivel a aplicación de técnicas de apoio psicolóxico e de educación sanitaria**.

**Concreción dos obxectivos xerais do ciclo:**
Segundo establece o Decreto 61/1999, do 18 de Febreiro, os obxectivos xerais do ciclo formativo de grao medio correspondente ó titulo de técnico en coidados auxiliares de enfermería que están directamente relacionados con este módulo profesional son os seguintes:

- ✓ Transmitir ó público en xeral mensaxes saudables actuando como axente sanitario no desenvolvemento de programas de saúde.
- ✓ Comprender e explica-los diferentes estados anímicos que experimentan os pacientes en situacións especiais e favorecer no posible o obxectivo de humanización na asistencia.
- ✓ Comprender e, no seu caso, transmitir mensaxes técnicas na linguaxe propia do sector sanitario.
- ✓ Valora-la importancia das campañas destinadas á promoción da saúde e participar na súa difusión.

**Características do entorno socio-produtivo:**

O ciclo profesional de técnico en coidados auxiliares de enfermería impartirase no IES Ricardo Mella, en réxime de formación dual. Trátase dun centro público situado ás aforas da cidade de Vigo, na zona do Meixoeiro. A oferta formativa do centro inclúe ESO, Bacharelato e Formación profesional básica, grao medio e superior. En canto á formación profesional, conta con ciclos da familia de administración e xestión, electricidade e electrónica e da familia de sanidade. Respecto a estes últimos, oferta os ciclos de imaxe para o diagnóstico, emerxencias sanitarias, farmacia e parafarmacia e coidados auxiliares de enfermería.
En relación á área socioeconómica na que se encontra situado o IES Ricardo Mella, trátase do municipio máis poboado e con maior crecemento da comunidade autónoma de Galicia. Conta cunha poboación de case 300.000 habitantes. A economía da comarca caracterízase pola preponderancia dunha economía diversificada, baseada no sector pesqueiro, industrial e servizos. Respecto ó sector sanitario, a demanda de persoal na zona é elevada debido, por un lado, á alta demanda asistencial polas características poboacionais en canto á envellecemento e aumento de enfermidades non transmisibles, e por outro lado, debido á escaseza de persoal sanitario. Ademais, A área conta con hospitais públicos, Álvaro Cunqueiro,

Meixoeiro e Rebullón,  e conta con varias residencias públicas de persoas da terceira idade e unha ampla oferta laboral no sector privado.

En relación ó perfil profesional do título consiste na proporción de coidados auxiliares ó paciente/cliente e actuar sobre as condicións sanitarias do seu contorno como membro dun equipo de enfermería nos centros sanitarios de atención especializada e de atención primaria baixo a dependencia do diplomado de enfermería, e, no seu caso, como membro dun equipo de saúde na asistencia sanitaria derivada da práctica do exercicio liberal, baixo a supervisión correspondente. As ocupacións e postos de traballo máis salientables ós que da acceso o título son:
Auxiliar de enfermería clínica; Auxiliar de balnearios; Auxiliar de atención primaria e coidados de enfermería a domicilio; Auxiliar bucodental; Auxiliar de geriátrico; Auxiliar pediátrico; Auxiliar de esterilización; Auxiliar de unidades especiais; Auxiliar de saúde mental.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| UD | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso |
|---|---|---|---|---|
| **1** | **Formación en centros de traballo (FCT)** | Formación teórico-práctica na empresa colaboradora. | **0** | **35%** |
| **2** | **Psicoloxía xeral e evolutiva e psicoloxía da personalidade** | Adquisición de coñecementos básicos sobre psicoloxía e etapas evolutivas do ser humano. Adquisición de coñecementos básicos sobre a personalidade das persoas e comprensión das teorías da personalidade máis importantes. Identificación dos mecanismos de defensa da personalidade. | 15 | 10% |
| **3** | **Saúde e enfermidade. O afrontamento** | Adquisición de coñecementos básicos sobre a evolución do concepto de saúde ó longo da historia. Recoñecer os factores de ansiedade e estres e as medidas para afrontalo. | 20 | 10% |
| **4** | **Comunicación no entorno sanitario e a relación de axuda** | Capacitación do alumnado para establecer unha correcta comunicación no ámbito sanitario e coñecer as técnicas e ferramentas para conseguir unha axeitada relación de axuda paciente-profesional. | 25 | 10% |
| **5** | **O paciente hospitalizado** | Capacitar o alumnado para prestar apoio psicolóxico e técnicas de comunicación cos paciente hospitalizados dende unha perspectiva individualizada e humana.. | 8 | 5% |
| **6** | **Paciente infantil e adolescente** | Capacitar o alumnado para prestar apoio psicolóxico e técnicas de comunicación cos paciente adolescente e cos nenos dende unha perspectiva individualizada e humana. | 11 | 5% |
| **7** | **Paciente crónico e paciente xeriátrico** | Capacitación do alumnado para prestación de apoio psicolóxico en pacientes crónicos e anciáns dende unha perspectiva individualizada e humana. | 10 | 2,5% |
| **8** | **Paciente oncolóxico e paciente terminal** | Capacitación do alumnado para prestación de apoio psicolóxico en, oncolóxicos e terminais dende unha perspectiva individualizada e humana. | 10 | 2,5% |
| **9** | **Métodos de EPS e Promoción da saúde** | Capacitación do alumnado para o fomento de estilos de vida saudables mediante programas de educación para a saúde | 20 | 10% |
| **TOTAL** | | | 119 | 100% |

# 4. Unidades didácticas

## UNIDADE DIDÁCTICA 1. FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

### Identificación da unidade formativa

| Nº | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 1 | FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO | 45h |

### Resultados De Aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe |
| --- |
| Colaborar na práctica diaria de valoración de residentes. |
| Observar as formas de comunicación e a conduta en situacións especiais tales como Trastornos cognitivos e Demencia. |
| Identificar as características psicolóxicas dos residentes segundo o seu estado de saúde e en relación co ingreso e adaptación. |
| Respectar as reaccións vitais diante da morte tanto nos residentes como nas familias. |
| Colaborar na práctica diaria na atención psicosocial, na detección de sintomatoloxía neurótica en especial medo, ansiedade e inseguridade, tanto dos residentes como da familia. |
| Utilizar métodos de comunicación empáticas e asertivas no trato cos residentes e as familias. |
| Recoñecer as funcións do técnico dentro do grupo de traballo. |
| Aplicar correctamente as rutas de traballo segundo as follas de resumo dos Grupos de Traballo. |
| Recoñecer as características psicolóxicas dos residentes en residencias de maiores sobre todo diante das reaccións anómalas. |
| Colaborar na detección de manifestacións que indican baixa adaptación. |
| Mostrar comprensión fronte as reaccións vitais que poden manifestar os residentes segundo as súas características psicolóxicas e o seu estado de saúde. |
| Detectar, e no se caso corrixir, as actitudes incorrectas que poden xurdir no persoal sanitario diante do traballo. Factores estresantes. |
| Mostrar comprensión fronte as reaccións vitais que poden manifestar os residentes segundo as súas características psicolóxicas e o seu estado de saúde. |
| Valorar a importancia de informar adecuadamente ao residente dos procedementos que se van aplicar. |
| Valorar a importancia de efectuar os rexistros de observación nunha linguaxe técnica correcta. |

### Contidos

| Contidos |
| --- |
| Identificación das diferentes formas de expresión de síntomas e signos.<br>Aspectos psicolóxicos dos enfermos xeriátricos, terminais e oncolóxicos<br>Actitude de comprensión e respecto cara a situacións especiais<br>Utilización de técnicas para diminuír a ansiedade do paciente/cliente/usuario, dos seus familiares e do persoal sanitario<br>O papel profesional do persoal sanitario: fases e perturbacións das relacións entre o persoal<br>O papel do paciente/cliente/usuario. Papeis desviantes. Reaccións anómalas de potenciación<br>Tolerancia cara a distintas reaccións persoais<br>Aceptación da posible implicación dun mesmo como distorsionante do grupo<br>Consciencia da importancia dos aspectos comunicativos na atención sanitaria e rigor na recolleita de información. |

## UNIDADE DIDÁCTICA 2. PSICOLOXÍA XERAL E EVOLUTIVA E PSICOLOXÍA DA PERSONALIDADE

### Identificación da unidade didáctica

| Nº | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | PSICOLOXÍA XERAL E EVOLUTIVA E PSICOLOXÍA DA PERSONALIDADE | 15 sesións |

### Capacidades elementais terminais

| Capacidades terminais elementais | Completo (S/N) |
|---|---|
| ▪ Explica-los aspectos xerais das teorías psicolóxicas existentes sobre a formación e desenvolvemento da personalidade para comprende-las distintas reaccións das persoas. | S |
| ▪ Especifica-las características fisiopatolóxicas e as peculiaridades psicolóxicas dos diferentes colectivos segundo idade e características especiais do seu estado de saúde e selecciona-los modos adecuados de relacionarse con eles | N |

### Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Act | Título das actividades | Obxectivos específicos | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1 | Principios da psicoloxía | Coñecer os fundamentos teóricos básicos dos procesos psicolóxicos: procesos cognitivos, proceso de aprendizaxe, motivación e emocións | 3 |
| 2 | Psicoloxía evolutiva | Identificar os parámetros de referencia para identificar as distintas etapas evolutivas, así como as características biopsicosociais en cada unha das etapas | 6 |
| 3 | Personalidade e mecanismos de defensa de personalidade | Coñecer o concepto de personalidade e identificar os seus compoñentes.<br>Comprender as teorías de desenvolvemento da personalidade e tipos de personalidade<br>Identificar os mecanismos de defensa<br>Comprender os principais trastornos da personalidade | 6 |

Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecuciónndos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimo esixibles |
|---|---|---|
| ▪ Describíronse os procesos cognitivos de memoria, atención, pensamento, percepción e sensación | ▪ PE | S |
| ▪ Coñeceuse o proceso de aprendizaxe e os tipos de condicionamento existentes | ▪ PE | S |
| ▪ Identificouse o concepto de motivación e describiuse a teoría das necesidades de Maslow | ▪ TO | S |
| ▪ Coñeceuse a teoría das emocións. | ▪ TO | S |
| ▪ Identificáronse as etapas evolutivas, os seus parámetros de referencia.e as características biopsicosociais propias de cada etapa | ▪ PE | S |
| ▪ Describiuse o concepto de personalidade e identificáronse os seus compoñentes | ▪ PE | S |
| ▪ Comprendéronse as teorías de desenvolvemento da personalidade e tipos de personalidade | ▪ TO | S |
| ▪ Identificáronse os mecanismos de defensa | ▪ PE | N |
| ▪ Describíronse os principais trastornos da personalidade | ▪ PE | S |

Contidos

| Contidos procedimentais |
|---|
| ▪ Etapas evolutivas e os seus parámetros de referencia: infancia, adolescencia, xuventude, madurez e vellez<br>▪ Procesos psicolóxicos:<br>o Procesos cognitivos: memoria, atención, pensamento, percepción e sensación<br>o Procesos de aprendizaxe: condicionamento clásico, operante, e observacional<br>o Motivación<br>o Emocións.<br>▪ Teorías de desenvolvemento da personalidade.<br>▪ Características individuais das persoas en xeral. Tipos de personalidade<br>▪ Mecanismos de defensa e principais trastornos da personalidade<br>▪ Concepto de personalidade e os seus compoñentes |

Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais eos recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que é para qué | Como | | | Con que | Con que se valora |
|---|---|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Profesorado (Tarefas)** | **Alumnado (tarefas)** | **Resultados ou produtos** | **Recursos** | **Instrumentos de avaliación** |
| **Actividade 1. Principios da psicoloxía:** Coñeceranse os fundamentos teóricos básicos dos procesos psicolóxicos: procesos cognitivos, proceso de aprendizaxe, motivación e emocións. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas.<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso | • Cuestionario resolto.<br>• Exercicios de repaso. | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito) |
| **Actividade 2.**<br>**Psicoloxía evolutiva:**<br>Identificación dos parámetros de referencia para identificar as distintas etapas evolutivas, así como as características biopsicosociais en cada unha das etapas | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas.<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• **Póster Modelos de psicoloxía evolutiva** | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso<br>• Poster cos diferentes modelos | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito)<br>• **TO (póster científico e exposición)** |
| **Actividade 3. Personalidade e mecanismos de defensa.** Coñeceranse as diferentes teorías de desenvolvemento da personalidade. Capacitar o alumnado para identificar os diferentes mecanismos de defensa da personalidade e trastornos da personalidade | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas.<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• **Póster modelos psicoloxía personalidade**. | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso<br>• Póster con diferentes modelos de psicoloxía de personalidade. | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame)<br>• **TO (póster científico e exposición)** |
| | | | | | |

## UNIDADE DIDÁCTICA 3. SAÚDE E ENFERMIDADE. O AFRONTAMENTO.

| Nº | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | **SAÚDE E ENFERMIDADE. O AFRONTAMENTO** | 20 sesións |

### Capacidades elementais terminais

| Capacidades terminais elementais | Completo (S/N) |
|---|---|
| ▪ Explica-lo proceso de saúde e a súa relación co ambiente físico, biolóxico e social para coñece-los factores que poidan incidir negativamente no paciente e as súas formas de corrección | S |
| ▪ Enuncia-las fases que se dan na relación doente-sanitario indicando as características máis salientables e os factores que a poden alterar, así como as medidas destinadas a mellorala ou reforzala | N |
| ▪ Describi-lo "rol de enfermo" e enuncia-las reaccións anómalas de potenciación coa finalidade de corrixilas e mellora-la comunicación co paciente | N |

### Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Act | Título das actividades | Obxectivos específicos | (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1 | Saúde e enfermidade | ▪ Definición do concepto de saúde e enfermidade e evolución histórica.<br>▪ Historia natural da enfermidade.<br>▪ Concepto de prevención, promoción e protección | 8 |
| 2 | A competencia profesional: Humanización da atención sanitaria | ▪ Identificar as funcións do persoal sanitario<br>▪ Coñecer a institución sanitaria e a relación do grupo de traballo<br>▪ Coñecer o rol do doente e súas características. | 7 |
| 3 | O afrontamento | ▪ Coñecer os tipos de afrontamento<br>▪ A Adherencia terapéutica e como favorecela. | 5 |

### Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecucióndos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimo esixibles |
|---|---|---|
| ▪ Defínense os diferentes conceptos de saúde e enfermidade existentes ó longo da historia | ▪ TO | S |
| ▪ Identificouse a o rol dun técnico en coidados auxiliares de enfermería | ▪ PE | S |
| ▪ Identificouse as características do rol de enfermo | ▪ PE | S |
| ▪ Compréndese a relación entre a súa rol e a relación de axuda co doente | ▪ PE | N |
| ▪ Mostra respecto por diferentes crenzas e comportamentos | ▪ PE | S |
| ▪ Identificáronse os factores que inflúen no afrontamento psicolóxico da enfermidade | ▪ PE | S |
| ▪ Coñecense os dereitos do enfermo. | ▪ PE | S |
| ▪ Identifica os factores que poden influir na adherencia terapéutica | ▪ PE | S |

## Contidos

| Contidos: |
| --- |
| ▪ Procesos de saúde. Modelo ecolóxico de saúde. Influencia do ambiente físico, biolóxico e social.<br>▪ Historia natural da enfermidade<br>▪ Definición do concepto de saúde e evolución histórica<br>▪ A institución sanitaria: o grupo de traballo. Elementos condicionantes da dinámica grupal.<br>▪ Identificación das distintas función do persoal sanitario.<br>▪ O papel profesional do persoal sanitario: fases e perturbación das relación entre o persoal.<br>▪ O rol do doente. Reaccións anómalas de potenciación. O afrontamiento |

Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais eos recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Con que se valora |
|---|---|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Profesorado (tarefas)** | **Alumnado (tarefas)** | **Resultados ou produtos** | **Recursos** | **Instrumentos de avaliación** |
| **Actividade 1. Saúde e enfermidade**<br>Coñeceranse a historia do concepto de saúde e de enfermidade. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas.<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• **Liña do tempo no concepto de saúde** | • Cuestionario resolto.<br>• Exercicios de repaso. | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito)<br>• **LC (liña do tempo dunha enfermidade concreta.** |
| **Actividade 2.**<br>**A competencia profesional: Humanización da atención sanitaria.** Coñecer o papel como TCAE, e as características do rol de enfermo. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas.<br>• Esquema do rol do sanitario e o rol do doente<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso | • Cuestionario resolto.<br>• Exercicios de repaso. | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado<br>• Esquema | • PE (exame escrito) |
| **Actividade 2. O afrontamento da enfermidade**<br>Capacitación do alumnado para identificar formas de afrontar a enfermidade. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito) |
| | | | | | **TOTAL** |

## UNIDADE DIDÁCTICA 4. COMUNICACIÓN E RELACIÓN DE AXUDA

### Identificación da unidade didáctica

| Nº | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | COMUNICACIÓN E RELACIÓN DE AXUDA | 25 |

### Capacidades elementais terminais

| Capacidades terminais elementais | Completo (S/N) |
|---|---|
| ▪ Analiza-las conductas e comportamentos específicos da poboación galega e establece-las súas influenzas sobre a saúde para poder aplica-las medidas correctoras. | N |
| ▪ Prestar apoio psicolóxico adecuado tanto ós pacientes como ós seus familiares e achegados, comprendendo a importancia desta acción para mellora-la relación paciente-sanitario e o benestar psíquico do propio enfermo e o seu contorno afectivo | S |
| ▪ Analiza-las conductas e comportamentos específicos da poboación galega e establece-las súas influencias sobre a saúde para poder aplica-las medidas correctoras que sexan precisas | N |

### Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Act | Título das actividades | Obxectivos específicos | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1 | A comunicación | ▪ Describir o concepto de comunicación e axiomas da comunicación<br>▪ Coñecer o esquema da comunicación<br>▪ Identificar os tipos de comunicación e as súas características<br>▪ Identificar as barreiras da comunicación | 10 |
| 2 | A relación de axuda | ▪ Describir as ferramentas comunicativas para potenciar a asertividade,empatía e escoita activa<br>▪ Utilizar métodos específicos para tratar situacións de illamento.<br>▪ Aplicar técnicas de dinámica de grupos en distintas situación. | 15 |

### Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecuciónd os obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimo esixibles |
|---|---|---|
| ▪ Comprendeuse o concepto de comunicación e os seus 5 axiomas | ▪ PE | N |
| ▪ Identificáronse os elementos da comunicación e as súas características | ▪ PE | N |
| ▪ Describíronse os tipos de comunicación e as súas características | ▪ PE | S |
| ▪ Identificáronse as barreiras da comunicación | ▪ TO | S |
| ▪ Describíronse estratexias comunicativas que potencien a asertividade, a empatía e a escoita activa | ▪ TO | S |
| ▪ Coñecer diferentes métodos para tratar situación de illamento. | ▪ TO | S |
| ▪ Comprendeuse o concepto de relación de axuda e a súa función | ▪ PE | S |
| ▪ Identificáronse as fases da relación de axuda e as súas características | ▪ PE | S |

## Contidos

| **Contidos procedimentais** |
| --- |
| ▪ A comunicación co paciente/sanitario. Influencia do bilingüismo na comunicación cos pacientes tanto a nivel hospitalario como domiciliario. Situacións de illamento en determinadas zonas xeográficas da CAG.<br>▪ Uso de regrar no arte de escoitar: escoita activa e pasiva.<br>▪ Identificar as fases dunha relación interpersonal de axuda.<br>▪ Concepto de comunicación e axiomas da comunicación<br>▪ Esquema da comunicación<br>▪ Técnicas comunicativas: asertividade, empatía, e escoita activa<br>▪ A relación de axuda: concepto, fases e conflitos<br>▪ Aplicación de diferentes técnicas de dinámicas de grupo en diferentes situacións.<br>▪ Identificación de factores de perturbación dunha relación. |

Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais eos recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Con que se valora |
|---|---|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Profesorado (tarefas)** | **Alumnado (tarefas)** | **Resultados ou produtos** | **Recursos** | **Instrumentos de avaliación** |
| **Actividade 1. A comunicación:** Abordaranse conceptos teóricos sobre a comunicación que capaciten ó alumno/a a desenvolver unha relación axeitada co paciente/usuario desde unha perspectiva biopsicosocial | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas<br>• Falar sobre a Película de *Amelie* (paseo del invidente)<br>• Ver clip sobre a linguaxe non verbal. | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas.<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• Resolver casos prácticos | • Cuestionario resolto.<br>• Exercicios de repaso.<br>• Caso práctico (debate sobre a comunicación en diferentes situación) | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito) |
| **Actividade 2.** **A relación de axuda** Coñecer a importancia do achegamento o doente el as relación entre sanitario e doente. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas ou inquedanzas respecto ó tema.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas.<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• **Dinámicas : En grupos deseñar dinámicas de grupo para diferentes situacións.** | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso<br>• Traballo práctico na aula. | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito)<br>• **TO (dinámicas de grupo)** |
| | | | | | |

## UNIDADE DIDÁCTICA 5. O PACIENTE HOSPITALIZADO

### Identificación da unidade didáctica

| Nº | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | O PACIENTE HOSPITALIZADO | 8 |

### Capacidades elementais terminais

| Capacidades terminais elementais | Completo (S/N) |
|---|---|
| ▪ Analiza-las conductas e comportamentos específicos da poboación galega e establece-las súas influencias sobre a saúde para poder aplica-las medidas correctoras que sexan precisas | N |
| ▪ Explicar qué é a ansiedade, enumera-las súas causas etiolóxicas e precisa-los factores que poden xerar durante a estadía do paciente no hospital ou consulta, ademáis de indica-las medidas destinadas a evitala ou diminuíla. | S |

### Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Act | Título das actividades | Obxectivos específicos | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1 | O paciente hospitalizado | ▪ O afrontamento no paciente hospitalizado<br>▪ Reacción psicolóxica do paciente<br>▪ Influenza da familia. | 3 |
| 2 | Estrés e ansiedade | ▪ Factores relacionados coa ansiedade e estrés<br>▪ Técnicas para o manexo do estrés e ansiedade. | 5 |

### Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecucióndos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos deavaliación | Mínimo esixibles |
|---|---|---|
| ▪ Coñecéronse e identificanse os comportamentos e hábitos individuais das diferentes localizacións de Galicia | ▪ PE | S |
| ▪ Mostra respecto por diferentes crenzas e comportamentos | ▪ TO | S |
| ▪ Identificáronse os factores que inflúen no afrontamento psicolóxico da enfermidade | ▪ TO | S |
| ▪ Identificáronse as reaccións psicolóxicas máis frecuentes ante a enfermidade e hospitalización | ▪ PE | S |

### Contidos

| Contidos procedimentais |
|---|
| ▪ Comportamentos e hábitos individuais: Galicia rural, marítima, urbana e suburbana<br>▪ A identificación de factores que inflúen na adherencia terapéutica nun paciente hospitalizado.<br>▪ Coñecer a influencia da familia e das características que puideran influír no afrontamento. |

Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais eos recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Con que se valora |
|---|---|---|---|---|---|
| Actividade | Profesorado (tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos de avaliación |
| **Actividade 1. O paciente hospitalizado.**<br>Capacitar o alumnado para coñecer as características individuais que poden afectar na adherencia terapéutica nun paciente hospitalizado. A familia e a enfermidade | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• Preparar técnicas para afrontar a ansiedade e o estrés.<br>• **Role-Play: Exposición de casos saídos na prensa cultura-sanidade.** | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (proba escrita)<br>• TO (Role Play) |
| **Actividade 2. Estrés e ansiedade.**<br>Coñecer factores que influencia no estrés e métodos para mellorar o estrés e a ansiedade. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• Preparar técnicas para afrontar a ansiedade e o estrés. | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito)<br>• |
| | | | | | |

## UNIDADE DIDÁCTICA 6. O PACIENTE INFANTIL E ADOLESCENTE

### Identificación da unidade didáctica

| Nº | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | O PACIENTE INFANTIL E ADOLESCENTE | 11 |

### Capacidades elementais terminais

| Capacidades terminais elementais | Completo (S/N) |
|---|---|
| ▪ Especifica-las características fisiopatolóxicas e as peculiaridades psicolóxicas dos diferentes colectivos segundo idade e características especiais do seu estado de saúde e selecciona-los modos adecuados de relacionarse con eles | N |
| ▪ Afrontar diversas situacións de relación con pacientes con características fisiopatolóxicas peculiares ou de patoloxía especial aplicando as pautas de conducta indicadas en cada caso | N |
| ▪ Respecta-las concepcións de defensa que sobre o propio estado de saúde se forman as persoas en estado crítico ou terminal | N |

### Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Act | Título das actividades | Obxectivos específicos | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1 | Características do neno e do adolescente | ▪ Describir as características fisiolóxicas do neno e do adolescente.<br>▪ Coñecer as patoloxías máis comúns nos nenos e nos adolescentes.<br>▪ O dó perinatal. | 5 |
| 2 | Apoio psicolóxico en situacións especiais | ▪ Describir as medidas de apoio psicolóxico ao neno, ao adolescente , e as súas peculiaridades ante a enfermidade e/ou hospitalización. | 6 |

### Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecucióndos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimo esixibles |
|---|---|---|
| ▪ Identificáronse as características biopsicosociais do neno e do adolescente | ▪ PE | S |
| ▪ Coñécense as diferentes patoloxías e as características das mesmas. | ▪ PE | S |
| ▪ Afrontar diversas situacións de relación con pacientes con características fisiopatolóxicas peculiares ou de patoloxía especial aplicando as pautas de conduta indicadas en cada caso. | ▪ PE | S |
| ▪ Prestar apoio psicolóxico adecuado tanto aos pacientes como aos seus familiares e achegados, comprendendo a importancia desta acción para mellorar a relación paciente- sanitario e o benestar psíquico do propio enfermo e a súa contorna afectiva | ▪ TO | S |
| ▪ Respectar as «concepcións de defensa» que sobre o propio estado de saúde fórmanse as persoas en estado crítico ou terminal. | ▪ PE | N |

## Contidos

| **Contidos procedimentais** |
| --- |
| - Utilización de técnicas para diminuír a ansiedade do enfermo, dos seus familiares e do persoal sanitario.<br>- Utilización de técnicas conductuais que favorezan a relación interpersoal en situacións especiais: nenos e adolescentes.<br>- Actitude de comprensión e respectos cara a situación especiais.<br>- Identifícanse os signos de alarma en caso de maltrato físico, psíquico, abuso sexual, bulling ou neglixencia.<br>- Respecta a importancia da comunicación verbal ou non verbal nas diferentes patoloxías (TCA, conducta suicida, embarazo adolescente)<br>- Describironse as diferentes etapas do dó perinatal<br>- Coñecense as características especiais do adolescente inmigrado |

Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais eos recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Con que se valora |
|---|---|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Profesorado (tarefas)** | **Alumnado (tarefas)** | **Resultados ou produtos** | **Recursos** | **Instrumentos de avaliación** |
| **Actividade 1. O neno e o adolescente:** capacitación do alumnado para comprender os aspectos psicolóxicos dos pacientes nenos e adolescentes e as características biopsicosociais dos mesmos. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito) |
| **Actividade 3. Apoio psicolóxico en situacións especiais :** Capacitación do alumnado para prestar apoio psicolóxico adecuado tanto os pacientes como os seus familiares comprendendo a importancia desta acción. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• **Role play: Traballar sobre situacións experimentais.** | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito)<br>• **TO (Play Role)** |
| | | | | | |

## UNIDADE DIDÁCTICA 7. O PACIENTE CRÓNICO E XERIÁTRICO.

### Identificación da unidade didáctica

| Nº | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | O PACIENTE CRÓNICO E XERIÁTRICO | 10 |

### Capacidades elementais terminais

| Capacidades terminais elementais | Completo (S/N) |
|---|---|
| ▪ Especifica-las características fisiopatolóxicas e as peculiaridades psicolóxicas dos diferentes colectivos segundo idade e características especiais do seu estado de saúde e selecciona-los modos adecuados de relacionarse con eles | N |
| ▪ Afrontar diversas situacións de relación con pacientes con características fisiopatolóxicas peculiares ou de patoloxía especial aplicando as pautas de conducta indicadas en cada caso | N |
| ▪ Respecta-las concepcións de defensa que sobre o propio estado de saúde se forman as persoas en estado crítico ou terminal | N |

### Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Act | Título das actividades | Obxectivos específicos | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1 | Paciente crónico | ▪ Describir a epidemioloxía das enfermidades crónicas<br>▪ Identificar a etioloxía e factores de risco das enfermidades crónicas e identificar medidas de prevención<br>▪ Comprender as etapas de cambio de *Prochaska diclemente* | 6 |
| 2 | Paciente xeriátrico | ▪ Describir as diferentes clasificacións de ancián e tipos de idades<br>▪ Comprender os cambios biopsicosociais do envellecemento<br>▪ Identificar os principais problemas de saúde no paciente xeriátrico | 4 |

### Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecucióndos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimo esixibles |
|---|---|---|
| ▪ Identificáronse as características biopsicosociais do paciente crónico. | ▪ PE | S |
| ▪ Describiuse a epidemioloxía das enfermidades crónicas | ▪ PE | S |
| ▪ Identificáronse as características biopsicosociais do paciente xeriátrico. | ▪ LC | S |
| ▪ Describíronse as diferentes clasificacións de ancián e tipos de idades | ▪ PE | N |
| ▪ Identificaronse os principais problemas de saúde no paciente xeriátrico | ▪ PE | S |

## Contidos

| Contidos procedimentais |
| --- |
| ▪ Identificáronse as características biopsicosociais do paciente crónico.<br>▪ Describiuse a epidemioloxía das enfermidades crónicas<br>▪ Identificáronse as características biopsicosociais do paciente xeriátrico.<br>▪ Describíronse as diferentes clasificacións de ancián e tipos de idades<br>▪ Comprendéronse os cambios biopsicosociais do envellecemento<br>▪ Identificáronse os principais problemas de saúde no paciente xeriátrico |

Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais eos recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Con que se valora |
|---|---|---|---|---|---|
| Actividade | Profesorado (tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos de avaliación |
| **Actividade 3. Paciente crónico:** capacitación do alumnado para comprender os aspectos psicolóxicos dos pacientes con enfermidades crónicas e prestar coidados humanizados e biopsicosociais | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• **Role-Play: Traballo sobre situacións experimentais.** | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito)<br>• **TO (Role Play)** |
| **Actividade 4. Paciente xeriátrico:** capacitación do alumnado para comprender os aspectos psicolóxicos dos pacientes xeriátricos e prestar coidados humanizados e biopsicosociais. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• **Role-Play: Traballo sobre situacións experimentais.** | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito)<br>• **TO (Role Play)** |
| | | | | | |

## UNIDADE DIDÁCTICA 8. O PACIENTE ONCOLÓXICO E TERMINAL

### Identificación da unidade didáctica

| Nº | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | O PACIENTE ONCOLÓXICO E TERMINAL | 10 |

### Capacidades elementais terminais

| Capacidades terminais elementais | Completo (S/N) |
|---|---|
| ▪ Especifica-las características fisiopatolóxicas e as peculiaridades psicolóxicas dos diferentes colectivos segundo idade e características especiais do seu estado de saúde e selecciona-los modos adecuados de relacionarse con eles | N |
| ▪ Afrontar diversas situacións de relación con pacientes con características fisiopatolóxicas peculiares ou de patoloxía especial aplicando as pautas de conducta indicadas en cada caso | N |
| ▪ Respecta-las concepcións de defensa que sobre o propio estado de saúde se forman as persoas en estado crítico ou terminal | N |

### Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Act | Título das actividades | Obxectivos específicos | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1 | Paciente oncolóxico | ▪ Comprender conceptos básicos sobre a multiplicación celular e clasificacións oncolóxicas<br>▪ Describir a epidemioloxía do cáncer<br>▪ Coñecer a etioloxía e factores de risco do cáncer e identificar medidas de prevención | 6 |
| 2 | Paciente terminal | ▪ Describir as diferentes etapas do dó.<br>▪ Coñecer as bases teóricas e normativa respecto á eutanasia | 4 |

### Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecucióndos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimo esixibles |
|---|---|---|
| ▪ Comprendéronse conceptos básicos sobre a multiplicación celular e clasificacións oncolóxicas | ▪ LC | N |
| ▪ Describiuse a epidemioloxía do cáncer | ▪ PE | S |
| ▪ Identificaronse as características biopsicosociais do paciente terminal | ▪ PE | S |
| ▪ Describironse as diferentes etapas do dó. | ▪ PE | S |
| ▪ Coñecéronse as bases teóricas e normativa respecto á eutanasia | ▪ PE | N |

## Contidos

| Contidos procedimentais |
|---|
| ▪ Concepto de enfermo terminal. Etapas do dó. Eutanasia<br>▪ Afrontar diversas situacións de relación con pacientes con características fisiopatolóxicas peculiares ou de patoloxía especial aplicando as pautas de conduta indicadas en cada caso. |

Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais eos recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Con que se valora |
|---|---|---|---|---|---|
| Actividade | Profesorado (tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos de avaliación |
| **Actividade 1. Paciente oncolóxico:** capacitación do alumnado para comprender os aspectos psicolóxicos dos pacientes con enfermidades oncolóxicas e prestar coidados humanizados e biopsicosociais | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• **Role-Play: Traballo sobre situacións experimentais.** | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito)<br>• **TO (Role Play)** |
| **Actividade 2. Paciente terminal:** capacitación do alumnado para comprender os aspectos psicolóxicos dos pacientes terminais e prestar coidados humanizados e biopsicosociais. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• **Role-Play: Traballo sobre situacións experimentais.** | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • PE (exame escrito)<br>• **TO (Role Play)** |
| | | | | | |

## UNIDADE DIDÁCTICA 9. MÉTODOS DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E PROMOCIÓN DA SAÚDE.

### Identificación da unidade didáctica

| Nº | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | MÉTODOS DA EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E PROMOCIÓN DA SAÚDE | 20 |

### Capacidades elementais terminais

| Capacidades terminais elementais | Completo (S/N) |
|---|---|
| ▪ Explica-las características fundamentais dos programas de promoción da saúde en estados fisiolóxicos e de prevenciónde enfermidades específicas para diminuí-la súa incidencia na proboación xeral. | S |
| ▪ Analiza-la utilización das canles de información de uso común nas actividades de información-formación para contribuírá súa difusión e á mellora da oferta asistencial. | S |

### Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Act | Título das actividades | Obxectivos específicos | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1 | Prevención de a saúde e modelos teóricos de EPS | ▪ Concepto de prevención.<br>▪ Comprender as funcións da promoción da saúde e a súa evolución histórica.<br>▪ Coñecer o diferentes modelos de EPS<br>▪ Identificar os axentes e ámbitos de aplicación da EPS<br>▪ Planifcación dun programa de EPS | 8 |
| 2 | Programa da promoción de saúde. | ▪ Valorar os diferentes recursos didácticos aplicados a EPS<br>▪ Identificar os métodos da promoción da saúde Coñecer as diferentes técnicas de grupo aplicadas a educación.<br>▪ Expoñer e deseñar un programa de prevención da saúde. | 12 |

### Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecuciónd os obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos deavaliación | Mínimo esixibles |
|---|---|---|
| ▪ Diferenciáronse os conceptos de prevención, promoción e protección. | ▪ LC | S |
| ▪ Diferenciáronse os tres tipos de prevención. | ▪ LC | S |
| ▪ Comprendéronse as funcións da promoción da saúde e a súa evolución histórica | ▪ LC | S |
| ▪ Identificáronse os axentes de saúde e ámbitos de aplicación da EPS | ▪ LC | N |
| ▪ Describíronse os pasos na programación en EPS | ▪ LC | S |
| ▪ Identificáronse os métodos de promoción da saúde: directos e indirectos | ▪ LC | S |
| ▪ Describíronse os pasos na programación en EPS | ▪ TO | S |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ Manexáronse as técnicas de grupo aplicadas á educación | ▪ TO | S |
| ▪ Coñecéronse as características das diferentes técnicas de grupo aplicadas á educación: conferencia, traballo en grupo, comisión de traballo, seminarios, estudio de casos | ▪ TO | S |
| ▪ Utilizáronse os recursos didácticos en EPS. Medios audiovisuais | ▪ TO | S |

## Contidos

| Contidos procedimentais |
|---|
| ▪ Promoción da saúde: concepto, función e evolución histórica<br>▪ Axentes de saúde e ámbitos de aplicación.<br>▪ Métodos de promoción da saúde: directos e indirectos<br>▪ Técnicas de grupo aplicadas á educación: conferencia, traballo en grupo, comisión de traballo, seminarios, estudio de casos, etc...<br>▪ Recursos didácticos en educación para a saúde. Medios audiovisuais<br>▪ Programación en EPS. |

Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais eos recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que é para que | Como | | | Con que | Con que se valora |
|---|---|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Profesorado (en termos de tarefas)** | **Alumnado (tarefas)** | **Resultados ou produtos** | **Recursos** | **Instrumentos de avaliación** |
| **Actividade 1. Prevención para a saúde e modelos teórcos de EPS**<br>Promoción de la salud y prevención. Hábitos de vida saudable. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas.<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Realización de exercicios de repaso<br>• As campañas de screening | • Cuestionario resolto.<br>• Exercicios de repaso.<br>• Tríptico de prevención do cancro | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • LC (traballo escrito) |
| **Actividade 2. Programa de promoción de saúde**<br>capacitación do alumnado para desenvolver estratexias e utilizar ferramentas na promoción da saúde. | • Elaboración de material didáctico e cuestionarios.<br>• Clase explicativa<br>• Resolución de dúbidas | • Escoita activa e pregunta de dúbidas.<br>• Debate sobre cuestións plantexadas.<br>• Resolución do cuestionario.<br>• Elaborar un programa de EPS e expoñelo | • Cuestionario resolto<br>• Exercicios de repaso<br>• Taller de EPS | • Ordenador con acceso a internet.<br>• Proxector.<br>• Material didáctico elaborado polo profesorado | • TO (exposición)<br>• LC (traballo escrito |
| | | | | | |

## 6. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criteriosde cualificación

### Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva

Considéranse mínimos esixibles ós criterios de avaliación que son imprescindibles para acadar as competencias profesionais do módulo profesional. Deste xeito, existen tamén criterios de avaliación no currículo que, malia ser importantes, considerouse que non comprometen gravemente a adquisición da competencia profesional se o alumnado non os evidencia. No apartado 4 especifícase cales dos criterios de avaliación asociados ás diferentes unidades didácticas considéranse mínimos esixibles.

A denominación dun criterio de avaliación como mínimo esixible implica que, para superar o total do módulo, o alumno/a deberá acadar unha cualificación positiva (maior ou igual a 5) na proba que o avalía. En ningún caso o alumno/a superará o módulo se ten algún criterio de avaliación mínimo esixible cunha cualificación negativa.

### Criterios de cualificación

A cualificación do módulo comporase de dúas partes: 65% da nota **do centro de estudos** e o 35% da nota das actividades na Empresa.

### CUALIFICACIÓN PARCIAL DO MODULO NO CENTRO DE ESTUDOS

**1º AVALIACIÓN:**

- PROBAS ESCRITAS (70%) do nota parcial: exames sobre 10 puntos das unidade 2, 3 e 4.
    - Os exames constará de preguntas curtas e resolución de supostos prácticos para a aplicación dos conceptos estudados.
    - As probas serán obrigatorias e presenciais.
    - Para superar as probas é necesario acadar un mínimo de 4.75 puntos sobre 10 nas probas escritas. De non ser así non se considera superada a UD.
    - Farase 2 exames por avaliación e calcularase mediante a media ponderada dos exames feitos. Un exame da UD 2 e un exame das UD 3 e 4.
- TAREFAS (30%) da nota parcial das actividades feitos na aula. Media aritmética de todas as actividades propostas na aula.

**2ª AVALIACIÓN:**

- PROBAS ESCRITAS (70%) do nota parcial: exames sobre 10 puntos.
    - Os exames constará de preguntas curtas e resolución de supostos prácticos para a aplicación dos conceptos estudados.
    - Esta proba será obrigatoria e presencial.
    - Para superar cada unha das probas escritas é necesario acadar un mínimo de 4.75 puntos sobre 10 na proba escrita. De non ser así non se considera superada a UD.
    - 2 exames:
        - 1 proba da UD 5 e UD 6
        - 1 proba das UD 7 e UD 8

- TAREFAS (30%) da nota parcial das actividades feitos na aula: 20% da Media aritmética de todas as actividades propostas na aula e 10% proxecto da UD 9.

### CUALIFICACIÓN FINAL DO MODULO NO CENTRO DE ESTUDOS

**MEDIA PONDERADA DAS PROBAS ESCRITAS (70%) + 20 % Actividades DE AULA + 10% PROXECTO sobre PROMOCIÓN SA SAÚDE.**

**Para superar cada unha das avaliacións deberá ter unha nota equivalente a 5 sobre 10 sempre e cando a cualificación dos contidos das probasescritas e probas procedimentais sexa coma mínimo dun 4.75 sobre 10.**

### CUALIFICACIÓN FINAL DO MODULO NA AVALIACIÓN DE DECEMBRO 2026

NOTA FINAL DO MÓDULO: 65% da nota obtida no centro de estudos + 35% da nota obtida no centro de traballo)

**Exame final** so aqueles alumnos que teñan algunha proba de contidos non superada. Esta proba escrita será un só exame sobre 10 puntos, de todos os contidos dos que se ten que avaliar. O tipo de proba será igual que as restante probas escritas (preguntas curtas, verdadeiro falso, relacionar, supostos prácticos)

Prestarase especial atención a evolución no día a día do alumnado, aspectos complementarios como o respecto polos compañeiros e polo profesorado, capacidade para traballar individualmente e en equipo, capacidade de colaborar e participar cos demais, predisposición á aprendizaxe e á aplicación de coñecementos, hábitos de orde, responsabilidade e curiosidade técnico-práctica na actividade laboral, e esto se terá en conta para redondear a nota no xade.

Para superar cada unha das avaliacións deberá ter unha nota equivalente a 5 sobre 10 sempre e cando a cualificación dos contidos das probasescritas e probas procedimentais sexa coma mínimo dun 4.75 sobre 10.

Os exames e a realización das tarefas son de carácter obrigatorio. Por norma:

- Non se recollerá ningunha tarefa fora da data marcada.
- Non se recollerá ningunha actividade ou exame escrito a lapis e no caso de actividades dixitais, non se avaliará ningún traballo entregado en formato editable.
- No caso das exposicións orais, se un alumno se ausenta sen causa xustificada, será cualificado cun 0 nesa actividade.
- No caso dun alumno, que teña previsto ausentarse a unha exposición oral na data prevista, con causa xustificada, intentarase, na medida do posible adecuar a data para dita exposición, mantendo a mesma data para a entrega do traballo escrito.
- Como norma, calquera alumno/a que chegue máis tarde de 15 minutos despois de sonar o timbre de entrada ao desenvolvemento da proba deconceptos, a docente reservarase o dereito de corrixir ou non a súa proba, quedando esta decisión supeditada a xustificación da falta de puntualidade.
- As actividades de aula, se fan na aula e para tal fin deixarase as sesións necesarias para rematar as tarefas. Se un alumno ausentase sen causa xustificada a proba se calificará cun 0.
- **Nos traballos en grupo**, todos os membros do grupo teñen que asistira clase e participar de forma activa nas tarefas. Para iso terase en conta na nota:
  - As tarefas realizadas ou nas que participe cada membro do grupo (que quedará reflectivo

nun anexo asinado por todos os membros do grupo)

- Terase en conta a asistencia a todas as sesións adicadas o traballo en grupo.
- Se un alumno se ausenta o 50% das sesións adicadas a un traballo en grupo con causa xustificada, terá que entregar dito traballo de maneira individual. Neste caso o docente adaptará a tarefa para unha soa persoa e tamén adaptará a data de entrega do mesmo.
- No caso de detectar unha falta de aproveitamento xa sexa por ausencias non xustificadas ou por non aproveitar o tempo na aula para o traballo, o traballo terá unha cualificación negativa.

Os probas escritas ensinaranse ao alumnado corrixidos e cualificados, e quedarán arquivados en poder do docente.

Esta programación é adaptable na metodoloxía ou a modalidade das probas escritas ou procedimentais se o grupo así o requira. Sempre terase presente as medidas de atención a diversidade.

## 7. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### Procedemento para definir as actividades de recuperación

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de xullo do 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15 xullo 2011), para o alumnado de 1º curso do réxime ordinario establécense as seguintes actividades de recuperación:
- O alumnado que suspenda algunha das avaliacións, poderá realizar os exercicios de recuperación correspondentes (Probas escritas) (so aqueles exercicios no que acadasen unha nota inferior a 5 puntos sobre 10) no período destinado a realizacións de actividades de recuperación (entre a segunda avaliación e a final). Para recuperar as partes pendentes será preciso acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das probas a recuperar.

Para os alumn@s que teñan algunha avaliación pendente as actividades de recuperación serán as establecidas con anteriorioridade para cada unidade. Prestándolle maior interese naquelas obxectivos non superados.

### Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado conperda de dereito a avaliación continua

No alumnado da modalidade de DUAL, non existe a perda de avaliación continua, porén tal e como se establece na RESOLUCIÓN del 10 de Xullo 2024, pola que se dictan as instrucciones para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25, o alumnado pode ser excluido do proxecto de formación de dual nos siguientes casos:

i) Durante o **período de formación no centro educativo**, de acordo coas **normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente, por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas** que poidan derivar nunha **falta de aproveitamento** das ensinanzas tanto no centro educativo como, posteriormente, na empresa. Se aplicarán os criterios dos apartados 3.2 y 7.3 das NOFC.

ii) **Durante o período de formación na empresa:**

– Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.

– Por actitude incorrecta, atendendo ó código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.

– Para o alumnado con contrato para a formación en alternancia, pola extinción do contrato por calquera das las causas que establécense no artigo 49 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo RD 2/2015, do 23 de

outubro.
– Outras circunstancias que figuren no convenio suscrito entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e la entidade colaboradora correspondinte.

### Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliaciónda propia práctica docente

A normativa vixente en materia de formación profesional reflicte a necesidade de realizar o seguimento das programacións dos módulos dos ciclos formativos.
A Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, determina no seu artigo 23.5, que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo.
Ademais, a Orde establece que a programación será revisada ao inicio de cada curso académico.
Conforme se desenvolve a programación durante o curso, cabe a posibilidade de modificacións (engadir novas actividades, substituír actividades, axustar o programado) segundo as características do alumnado.
Ao final de curso, cada docente realizará a Memoria final do módulo na que se incluirán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.
No caso que o alumno matriculado en na modalidade de Dual, non obteña empresa para a realización do programa formativo nunha empresa colaboradora. O alumno deberá asistir a clase finalizada o período de clases presenciais, e levará a cabo unha serie de actividades, para acadar os resultados de aprendizaxe da UD 1 da presente programación didáctica.

## 8. Medidas de atención a diversidade

### Procedemento para a realización da avaliación inicial

A ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. O xeito de facela é moi sinxelo: aplicando o sentido común da observación do alumnado e a enquisa persoal, sobre os diferentes aspectos que veñen na orde, describindo as características do grupo, facendo un informe da avaliación individualizado con datos coma a data de nacemento, o lugar de orixe do alumnado, acceso ao ciclo, modalidade de bacharelato, estudios previos, experiencia profesional previa, expectativas profesionais, e describindo as dificultades atopadas hasta o momento da enquisa e unha proba dos coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo. Logo, tómanse as decisión adoptadas en función do descrito anteriormente. A avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.
Habilitarase tódolos recursos para a integración do alumnado có resto do alumnado. Se houbese alumnado que precisase de material complementario para poder abordar o módulo por carecer de formación suficiente ó respecto, terase en conta ó principio de curso. No caso de haber alumnado con discapacidade motora ou sensorial, atenderanse as súas necesidades específicas da mellor maneira posible, contando coa axuda e coas indicacións do departamento de orientación e tamén coa dirección do centro no relativo á infraestructura que fose necesario.
Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de xullo, o titor levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

### Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente a os obxectivos programados

A regulación da atención á diversidade do alumnado, dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, contémplase no Decreto229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do

alumnado. Nel, considerase que as medidas de atención á diversidade son aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.
Para o alumando que, trala avaliación inicial, se detecte necesidade de reforzo educativo, adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (tarefas, recursos, espazos, tempos, modalidade de avaliación) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.
Para elo, adoptaranse as seguintes:

- Fomento do traballo práctico.
- Agrupamentos flexibles e ritmos de traballo distintos.
- Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía resolutiva de situacións reais (individual e en grupo).
- Actividades de reforzo en grupos pequenos.
- Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades.
- Identificación dos contidos básicos.

A moodle (aula virtual) que poñeremos a disposición do alumnado é un recurso de primeira orde para a atención ós alumnos con necesidades de apoio educativo, pois permite á docente guiar e facer un seguimento das actividades levadas a cabo polo alumno.

## 9. Aspectos transversais

### Programación da educación en valores

Ao longo do presente módulo e durante todo o curso traballaranse diferentes aspectos relacionados coa educación en valores. Deste modo, teranse en conta non só os contidos recollidos explicitamente no currículo do módulo, senón tamén aqueles vinculados directa ou indirectamente coas competencias profesionais asociadas ao mesmo. Esta centrarase nos seguintes aspectos:

- ✓ Educación moral e cívica: promovendo actitudes de: Respecto ás regras da democracia, as leis e as opinións diferentes ás propias; Respecto aos trazos diferenciais dos individuos (idade, sexo, relixión, profesión, lugar de nacemento, etcétera); Respecto das opinións, ideas e valores doutras persoas nos ámbitos educativo e laboral, e comportamento coherente co respecto manifestado.

- ✓ Educación para a igualdade: Os contidos relacionados coa educación para a igualdade estarán presentes durante todo o proceso educativo. A través deles promoverase a aceptación das diferenzas e a non discriminación por razón de sexo, orixe, crenzas ou calquera outra circunstancia. No centro educativo ten un documento de actuación para a educación para igualdade.

- ✓ Educación para a paz: As actividades de ensino e aprendizaxe terán lugar en contextos de grupo, caldos de cultivo para a xeración de conflitos.

- ✓ Educación para o consumidor: Ao longo do curso promoverase que o alumnado adquira as destrezas necesarias para practicar un consumo consciente e responsable, sobre todo no uso dos recursos no laboratorio.

- ✓ Educación ambiental propiciando as actitudes e valores seguintes: Sensibilidade pola orde, a limpeza do lugar de traballo e do material utilizado; Sensibilidade ante o posible esgotamento das materias primas e estímulo da reciclaxe dos materiais que se utilicen en clase/no laboratorio ou no fogar.

- ✓ Educación para a saúde, favorecendo o seu desenvolvemento integral a través de: Recoñecemento e valoración da importancia de dispoñer dunha contorna de traballo equilibrado e saudable;

### Actividades complementarias e extraescolares

Poderanse realizar saídas educativas programadas polo departamento e polo centro segundo a

dispoñibilidade dos centros de visitas e da dispoñibilidade do alumnado.